

e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 30 de abril 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1205

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO- AMPLIACIÓN TERCEIRA BOLSA SAF.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 05.05.2025 aprobou a convocatoria e as bases para ampliación de bolsa de reserva creada en data 20.06.2024 para cubrir baixas ou vacacións do SAF.

- Modalidade de contratación: contrato temporal.
- Xornada: completa.
- Salario e seguridade social: 1.381,33 euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- Funcións: Atencións doméstica, Atencións persoais, Axuda ás persoas dependentes.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no Boletín oficial da Provincia de Lugo.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 5 de maio de 2025.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1206

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - LOURENZÁ

Anuncio

RESOLUCIÓN CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE LOURENZÁ, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE DE 2024

BDNS (Identif.): 830329

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/830329>)

Bases que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos do concello de lourenzá para a realización de actividades deportivas na anualidade 2024

Lourenzá, 5 de maio de 2025.- O alcalde en función, Javier Huertas Otero.

R. 1207